

TRABALLO LINGUA SEMANA DO 23 DE ABRIL AO 4 DE MAIO

1- Une as palabras que signifiquen o mesmo:

curmán ,esposo ,marido, casamento, voda, primo ,antepasados, devanceiros

2- Ordena alfabeticamente a seguinte lista de palabras:

pai, irmán, padriño, avó, afillada, xenro, tía.

.....

3- Entre as palabras anteriores, cales non atoparíamos así no dicionario? Con que forma teríamos que buscalas?

.....

4- Le este texto e contesta:

A min gústanme as cousas que conta mamá. As cousas de antes, como di ela. Ás veces non llas creo, porque non son de crer, pero eu calo e fago como que pasmo. Papá non conta chistes, pero é chistoso, porque di cousas de chiste que non son chistes. Os grandes contan chistes e rin moito. Pero eu non os entendo. Por iso non río.

Concha Blanco: A min que me importa!, ed. Bruño

- Quen cres que conta esta historia?
- Como está escrito o texto, en primeira ou en terceira persoa?

5- Escribe tres alimentos para cada comida do día:

Almorzo

Xantar

Merenda

Cea

6- Une os antónimos das dúas filas:

Doce	salgado
Asado	maduro
Saboroso	Cru
Verde	noxento

7- Rodea os enunciados que son oracións:

-Que lambón é Xulio!

-Estás de broma?

- Ai de min!

-Moito gusto.

-Teño sono.

-E ti por aquí?

8- Divide estas palabras en sílabas e subliña a tónica:

mazá limóns

plátano almorzar

xamón torrada